

Índice de confianza do consumidor. Decembro 2006.

COMUNICADO

Forte descenso do saldo da evolución pasada dos prezos

Baixan os saldos da evolución pasada e das perspectivas de evolución dos prezos

No referente aos prezos, debemos distinguir dous saldos. O primeiro fai referencia á opinión dos fogares acerca do comportamento dos prezos nos últimos doce meses (evolución pasada). Esta variable presentaba no mes de novembro de 2006 o mellor resultado na historia deste saldo dende que comezamos a recollelo en xuño de 2003. Achegábase xa a valores positivos representando a percepción dos fogares dunha subida de prezos cada vez máis moderada nos últimos meses. Pero neste mes de decembro sofre unha forte caída e baixa a $-18,2$ representando a percepción dos consumidores dunha forte subida de prezos

O outro saldo relativo ós prezos recolle as perspectivas de evolución (nos seguintes doce meses) dos mesmos. Este mes de decembro de 2006, novamente as perspectivas de evolución dos prezos presentan un saldo mellor que o da evolución pasada aínda que descende en 4,3 puntos con respecto ó valor acadado no pasado mes de novembro de 2006.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor

ICC e ISC adiantan a súa recuperación e melloran neste mes de decembro

A tendencia do saldo do índice de confianza do consumidor (ICC) era de descenso ata a chegada do mes de xaneiro. Sen embargo neste ano 2006 o segundo semestre parece frear o descenso en novembro e adiantar a recuperación no mes de decembro.

O comportamento do índice de sentimento semella un pouco “estraño” posto que tras levar comportamentos de sentido contrario en setembro e novembro con respecto ao ICC este mes de decembro de 2006 mellora un punto con respecto ao saldo do mes anterior; compartindo a recuperación xunto coa do ICC

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2005		
Xaneiro	-23,7	-29,9
Febreiro	-22,1	-26,8
Marzo	-22,5	-28,7
Abril	-18,9	-28,2
Maio	-17,7	-27,8
Xuño	-15,2	-28,1
Xullo	-14,2	-25,1
Agosto	-16,9	-26,0
Setembro	-19,5	-26,9
Outubro	-21,1	-29,0
Novembro	-23,3	-30,7
Decembro	-22,5	-29,2
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>